



**COMPARECENCIA DO DIRECTOR XERAL DE RELACIÓNS  
EXTERIORES E COA UE PARA INFORMAR DO CUMPRIMENTO  
DO CÓDIGO ÉTICO INSTITUCIONAL**

(Criterios básicos para a regulación das viaxes oficiais ao exterior dos altos  
cargos da Administración autonómica galega)

Parlamento de Galicia, 30 de decembro de 2016 (10:30 H.)

Señor Presidente, señorías:

Comezo esta comparecencia, para dar conta das viaxes oficiais ao exterior dos altos cargos da Administración autonómica galega, durante a lexislatura recentemente inaugurada.

Deste xeito, considerando asemade a incorporación de novos deputados e deputadas a esta Comisión, e aproveitando a redución de desprazamentos fóra de España por mor de cadrar o semestre co proceso electoral, tendo en conta a situación dun Goberno en funcións, semella oportuno aproveitar para lembrar brevemente o marco xurídico no que se encadra esta comparecencia.

En primeiro lugar, debo dicirlles que a información que vou fornecer atinxe en exclusiva ao eido institucional da Xunta de Galicia e aos seus organismos e entidades subordinadas.

Polo que respecta ás demais entidades públicas non dependentes da Xunta de Galicia, pero igualmente obrigadas a informar ao Parlamento galego sobre as viaxes exteriores dos seus altos cargos por mor da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*<sup>1</sup>, resulta evidente que ao non estaren sometidas esas entidades a unha relación xerárquica co Executivo, han ser esas mesmas entidades as que dean conta directa dos seus devanditos viaxes ao Parlamento.

---

<sup>1</sup>Diario Oficial de Galicia do 15 de febreiro de 2016.

Por outra banda, estimamos que tamén debemos lembrar os condicionantes da *Ley estatal 2/2014, de 25 de marzo, de la Acción y del Servicio Exterior del Estado*, que *grosso modo* obriga ás Administracións Públicas e aos seus entes, entidades e organismos a informar ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das viaxes internacionais, cunha singular excepción polo que concerne ás viaxes á Unión Europea, que son xa máis domésticas cá foráneas, a causa da propia natureza da Unión.

Tamén desexaría facer una reflexión preliminar sobre se as viaxes a Portugal, e fundamentalmente á súa Rexión Norte, merecen ser consideradas viaxes *internacionais*, maiormente por constituír nós con ela unha Eurorrexión acreditada, reputada e recoñecida na Unión Europea, sendo xa que logo ordinarias e cotiás as xuntanzas de traballo entre altos cargos galegos e portugueses dun lado e doutro da fronteira. Noutras verbas, cualificar como internacional unha viaxe dun Director Xeral de menos dunha xornada a Valençá, Viana ou Porto semella fóra de lugar. Non obstante, quedo á súa disposición ao respecto.

Entrando agora na materia substantiva que hoxe nos congrega aquí, como xa dixen durante o segundo semestre de 2016 o número de desprazamentos internacionais dos altos cargos da Xunta de Galicia descendeu notablemente por cadrar coa interinidade do Goberno en funcións, co desenvolvemento do pasado proceso electoral e co posterior lapso de investidura. Así, o **Presidente da Xunta** non realizou viaxe oficial algún fóra de España durante este período.

O **Vicepresidente da Xunta** só realizou un breve desprazamento a Arxentina e Uruguai, saíndo o 21 de outubro e regresando o 26 do mesmo mes. A grandes rasgos esta viaxe fica clasificada entre as viaxes habituais que cómpre realizar a estes dous países para manter aceso o contacto coa gran colectividade galega asentada neles, que axiña van ter máis galegos residentes que algunha das nosas provincias. Serva de referencia que estas delegacións

tramitaron máis e 2.200 expedientes e resolveron ao redor de 6.800 consultas, dacordo cos datos pechados en 2015.

En concreto, durante esta viaxe o Vicepresidente afondou nas relacións mantidas coas autoridades civís arxentinas e anovou o contacto directo coas respectivas colectividades galegas residentes en ambos os dous países, así como coas delegacións da Xunta de Galicia que asisten a estas persoas no marco das súas competencias.

Pasando xa ao **Conselleiro de Sanidade**, este tivo que asistir a Bruxelas, na compañía da Directora da Axencia de Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), do 5 ao 7 de decembro. O motivo foi o *Cumio sobre Innovación Dixital para o Envellecemento Activo e Saudable* do proxecto europeo EIP-AHA (*European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing*), que foi lanzado pola Comisión Europea en 2011, co obxectivo de reunir a axentes do sector público e privado de toda a UE para promover o desenvolvemento de produtos e servizos innovadores que axuden ás persoas maiores a manterse con boa saúde, activas e independentes durante máis tempo.

Nesta ocasión, Galicia foi de novo unha das rexións europeas galardoadas como rexión de referencia para o período 2016-2018.

O **Conselleiro de Política Social** viaxou a Uruguai e Arxentina, do 30 de xuño ao 4 de xullo. Neste curto desprazamento asistiu ao xantar dos Presidentes das institucións galegas de Montevideo, para analizar as demandas do noso colectivo no país. Tamén visitou e asinou un convenio de colaboración co Fogar español de anciáns de Montevideo, así como visitou o Sanatorio da casa de Galicia en Montevideo, para coñecer de primeira man os servizos que se dispensan aos residentes galegos. En Arxentina, asinou en Bos Aires o convenio co Fogar Galego Domselaar para anciáns e asistiu á celebración do sexaxésimo cuarto Aniversario do Centro Galego de Mar de Plata. Por último, reuniuse co Conselleiro de Emprego e

Seguridade Social da Embaixada española, para estudar vías de cooperación e traballo conxunto a prol dos galegos na diáspora.

Por outra banda, o Conselleiro de Política Social participou en Bruxelas, o 6 de setembro, no Seminario “*A Política de Cohesión da UE: Como poden as rexións europeas facer fronte ao desafío demográfico?*”, celebrado no Parlamento Europeo e organizado pola Fundación Galicia Europa.

Por último, a **Conselleira do Mar** viaxou a París, do 17 ao 19 de outubro, xunto co seu Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, para apoiar aos expositores galegos presentes na Feira SIAL, de innovación alimentaria, cun acto de promoción das conservas galegas. Igualmente viaxou a Bruxelas do 12 ao 14 de decembro, para seguir de preto o Consello de Ministros de Pesca da UE, onde se discutiron totais admisibles de captura e cotas.

Descendendo agora ao rango de Secretarios, Directores Xerais e asimilados, no referido á Consellería de Medio Ambiente, a **Directora Xeral de Conservación da Natureza** viaxou a Palermo do 4 ao 5 de xullo, para asistir a unhas xornadas organizadas pola Comisión Europea co gallo da avaliación de boas prácticas dos Programas de Desenvolvemento Rural correspondentes ao período 2007-2013, nos que a Dirección Xeral de Conservación da Natureza é xestora. Tamén se desprazou a París, do 8 ao 9 de setembro, para asistir ao curso organizado polo Ministerio francés de Agricultura, dirixido a xestores de medidas como as que asumiu esa Dirección Xeral, permitindo intercambiar experiencias no deseño e execución das diversas operacións a desenvolver.

Na Consellería de Medio Ambiente, o **Presidente de SOGAMA** viaxou a Andorra, do 23 ao 24 de novembro, para participar na reunión de Xerentes e representantes das plantas adscritas á Asociación de Empresas de Valorización Enerxética de Residuos Urbanos (AEVERSU), onde se debateu a aprobación dos orzamentos da Asociación.



Centrándome agora na Consellería de Economía, Emprego e Industria, o **Director Xeral do IGAPE** viaxou a Londres do 2 ao 4 de outubro para asistir á denominada *Galician Gourmet Extravaganza*, acompañado pola Directora Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias. Trátase dun evento de promoción internacional da gastronomía galega, que ten entre os seus obxectivos incrementar as exportacións cara a mercados de especial interese para as nosas empresas alimentarias, promover a Marca *Galicia Calidade* e atraer turismo de alto poder adquisitivo.

O **Secretario Xeral de Cultura** viaxou do 6 ao 11 de novembro a Arxentina e Uruguai para intervir no encontro de artistas novos, celebrado en Córdoba, e inaugurar a exposición do fotógrafo José Suárez en Montevideo.

A **Directora do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA)**, de Medio Rural, desprazouse a Bruxelas do 18 ao 19 de decembro para participar na Conferencia de Directores de Organismos Pagadores.

Dentro da Consellería do Mar, o seu **Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica** viaxou do 11 ao 13 de xullo a Tánxer, para asistir ao Encontro de Profesionais da Pesca da Comisión Mixta hispano – marroquí, e a Cabo Verde, do 19 ao 22 de outubro, en concreto á Feira Expomar, en apoio dos expositores galegos.

Pola súa parte, a **Directora do INTECMAR** participou no Grupo de Traballo de Moluscos Bivalvos, representando os intereses de Galicia.

O **Presidente de Portos de Galicia** viaxou a La Rochelle do 29 de setembro ao 1 de outubro, para asistir ao seu Salón náutico, onde mantivo contactos para difundir o sistema portuario galego e as instalacións náutico-recreativas. Igualmente viaxou a París do 4 ao 5 de decembro para participar no salón *Grand Pavois* con análogo propósito.



Desprazamento singular foi o do **Secretario Xeral de Política Lingüística**, que viaxou a Azores do 19 ao 22 de xullo, co gallo do cadraséximo aniversario das institucións de autogoberno deste arquipélago luso, ao se inserir nunha misión presidida polo Presidente desta Cámara, acompañado de membros da mesma, do Presidente do Consello da Cultura e do Presidente da Real Academia Galega.

Como lles dicía ao principio da miña intervención, os desprazamentos a Portugal en materia de cooperación transfronteiriza entendemos que deberan ser catalogados doutro xeito, e non como internacionais, e nin sequera como institucionais dentro do espazo da UE. Sen embargo, mentres non haxa unha posición unánime desta Comisión ao respecto, daremos traslado da súa relación.

Así, o **Secretario Xeral de Cultura** foi a Melgaço o 7 de outubro para debater da raia termal e o seu impacto cultural, dentro da Iniciativa *Interreg*, e a Paredes de Coura o 23 de novembro, co gallo do Premio Literario *Nortear*.

O **Director da AGADIC** foi o 24 de novembro a Vidago, para intervir na na rolda de prensa de presentación da serie galaico-portuguesa '*Vidago Palace*', coprodución da compañía galega Portocabo e a lusa HOP Filmes, en colaboración coa CRTVG e a RTP.

O **Director xeral de Orientación e Promoción Laboral**, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, foi a Viana do Castelo o 21 de outubro, para participar no XVIII Congreso Internacional de Formación para o emprego, e o 16 de decembro a Valençã, para asistir á reunión anual de coordinación do Comité Directivo do Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal.

E xa para rematar esta exhaustiva relación de viaxes dou conta da miña propia actividade como Director Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, que neste atípico semestre tivo como eixo principal a atención aos asuntos ordinarios que atinxen á intensa cooperación con Portugal e á participación nos asuntos europeos,

xeralmente aproveitando convocatorias do Comité europeo das Rexións.

- 7 de xuño de 2016, Maia - Portugal: Reunión fóra da sede da Comisión de Cidadanía e Gobernanza e Asuntos Institucionais e Exteriores (CIVEX) do Comité das Rexións (CdR).
- 14, 15 e 16 de xuño de 2016, Bruxelas: 168ª reunión da Mesa do Comité das Rexións (CdR) e 118º Pleno do Comité das Rexións.
- 23 de xuño de 2016, Bruxelas: 9ª reunión da Comisión de Cidadanía Gobernanza e Asuntos Institucionais e Exteriores (CIVEX) do Comité das Rexións.
- 27 de xuño de 2016, Bruxelas: 9ª reunión da Comisión de Recursos Naturais (NAT) do Comité das Rexións.
- 8 e 9 de xullo de 2016, Bratislava – Eslovaquia: 169 Reunión da Mesa do Comité das Rexións e 7º Cumio Europeo de Rexións e Cidades.
- 28 de xullo de 2016, Bruxelas: Fundación Galicia Europa.
- 6 de setembro de 2016, Bruxelas: Fundación Galicia Europa, programa do conselleiro de Política Social.
- 15 e 16 de setembro de 2016, Tesalónica – Grecia: Reunión fóra da sede: O papel das autoridades rexionais no tratamento da crise dos refuxiados.
- 19 de setembro de 2016, Bruxelas: Presentación do programa de especialización en financiamento comunitario TecEuropa.
- 27 e 28 de setembro de 2016, Bruxelas: 10ª Reunión da Comisión de Recursos Naturais (NAT) do Comité das Rexións e Cumio de rexións en favor dunha política de cohesión forte post 2020.
- 10 a 12 de outubro de 2016, Bruxelas: 170ª Reunión da Mesa, 119º Pleno do Comité das Rexións e 14ª semana europea das Rexións Open Days.
- 27 e 28 de outubro de 2016, Dubrovnik: Reunión fóra da sede do Grupo do Partido Popular Europeo no Comité das Rexións.
- 16 de novembro de 2016, Bruxelas: visita dos membros de ARIGAL (Asociación Galega de Áridos) ao Comité das Rexións.
- 24 de novembro de 2016, Bruxelas: 11ª reunión da Comisión de Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais e Exteriores (CIVEX) do Comité das Rexións.
- 28 e 29 de novembro de 2016, Bruxelas: 11ª reunión da Comisión de Recursos Naturais (NAT) do Comité das Rexións e reunión conxunta da Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural (AGRI) do Parlamento Europeo e a Comisión de Recursos Naturais (NAT) do Comité das Rexións.
- 6 a 8 de decembro de 2016, Bruxelas: 171ª Reunión da Mesa e 120º Pleno do Comité das Rexións.